

María González González / Manuel González González (1997): «Algunhas consideracións ó redor do [ɲ] en galego», en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol. 1, pp. 291-308.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS Ó REDOR DO [ŋ] EN GALEGO

MARÍA GONZÁLEZ GONZÁLEZ  
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ  
(Universidade de Santiago)

## 1. INTRODUCCIÓN

Cando os galegos viaxamos a Castela, en canto falamos un pouco, axiña nos recoñecen como galegos, aínda que procuremos falar cunha morfosintaxe castelá moi coidada. Isto é debido a que hai unha serie de trazos fonéticos característicos do galego, que non son propios do castelán, ou polo menos do castelán estándar. Amais de pola entoación, pola tendencia a pecha-lo -o final átono, de trasladar ó castelán a oposición entre *e/ɛ*, *o/ɔ* inexistente en castelán, un dos trazos polos que se nos distingue ós galego é pola velarización do -n final que, aínda non sendo un fenómeno descoñecido dialectalmente polo castelán, raramente acada o grao que presenta na nosa lingua.

Pero, á parte da realización velar do *n* en posición final e noutras que máis adiante veremos, este son podémolo encontrar en galego, dentro do que chamamos sistema central da lingua, é dicir, o constituído polas palabras patrimoniais, en posición intervocálica interior de palabra na voz *unha(s)* e nos seus derivados *algunha(s)* e *ningunha(s)*, así como nas formas contractas *dunha(s)*, *nunha(s)*, *dalgunha(s)* e *nalgunha(s)*. Con carácter dialectal podemos atopalo *n* velar nos plurais masculinos correspondentes a estas palabras, do tipo *unhos* e *unhes* (en vez de *uns*). Veremos que hai aínda algún outro caso en que pode aparecer (*vén a Carme* [b'e'nak'arme] —onde *a* é artigo— / *vén a Carme* [b'e'ɲak'arme] —onde *a* é preposición—).

Dado que en posición intervocálica interior de palabra pode aparecer tamén o son nasal alveolar [n] atopámonos na lingua galega cunha serie de parellas de vocábulos do tipo *unha/una*, *cunha/cuna*, *dunha/duna* que nos poden levar a consi-

dera-la existencia dunha oposición fonolóxica entre o *n* alveolar e o *n* velar. Trátase de dilucidar, pois, se nestas oposicións o realmente distintivo é ou non o carácter alveolar e velar da consoante nasal.

Permítannos recordar só dous principios admitidos por case tódalas correntes fonolóxicas:

a) Unicamente os sons que se poden atopar no mesmo contexto poden formar unha oposición distintiva.

b) Se dous sons semellantes do punto de vista acústico ou articulatorio non aparecen nunca no mesmo contexto hai que interpretalos como variantes combinatorias do mesmo fonema, ou, se se admite a existencia de arquifonemas, como distintas realizacións dun arquifonema.

Para describir axeitadamente o sistema fonolóxico dunha lingua cómpre analiza-la distribución de cada unidade, é dicir, o contexto no que pode aparecer. É o que Twadell chamou *microsistemas*. Todos sabemos que, por exemplo, en situación prenuclear de sílaba hai unha oposición entre os fonemas nasais bilabial e alveolar, pero que esta oposición nunca se dá en situación posnuclear. Cómpre, pois, coñecer que oposicións se poden dar en cada distribución. Para estudia-la distribución dos fonemas é necesario facelo con respecto a unha ou varias unidades superiores. ¿Cales son estas unidades dentro das que podemos examina-lo comportamento dos fonemas? Basicamente son:

1. A *sílaba*. Débese examinar se o fonema aparece en posición nuclear, prenuclear ou postnuclear, así como as posibilidades de combinación con outros fonemas en cada unha destas posicións.
2. O *morfema*. As lindes morfemáticas poden ter influencia no comportamento do sistema fonolóxico.
3. A *palabra*. Cómpre ter en conta o comportamento do fonema en posición inicial, final e interior de palabra.
4. O *grupo fónico*. É necesario ter en conta o comportamento ante pausa e con respecto ó acento.

Tendo isto en conta, imos examinar de maneira sumaria os fonemas nasais do galego.

## 2. DESCRICIÓN DOS FONEMAS NASAIS DO GALEGO

2.1. En situación prenuclear de sílaba podemos atopar con seguridade os fonemas:

/m/: nasal, bilabial.

/n/: nasal, alveolar.

/ɲ/: nasal, palatal.

Imos deixar en suspenso polo momento a posibilidade de aparición nesta distribución do fonema /ŋ/, que se definiría como 'nasal, velar'.

Estes fonemas poden aparecer todos en situación prenuclear tanto interior de palabra (*cama/cana/caña*) como inicial de palabra<sup>1</sup>. En caso de acepta-la existencia do fonema nasal velar nunca podería aparecer en inicial de palabra.

2.2. En situación posnuclear, tanto interior como final de palabra, prodúcese unha neutralización de tódolos fonemas nasais nun único arquifonema, que podemos representar como /N/ ou ben como <m, n, ñ>, arquifonema que se realiza como velar ([ŋ]) cando vai seguido de vocal ou de pausa, e que cando vai seguido de consoante faise homorgánico con esta, é dicir, adopta o seu punto de articulación. Teremos, xa que logo, as seguintes realizacións:

p (*empedrar*)  
[m] + b (*embarrar*)  
m (*inmediatamente*)

[ŋ] + f (*enfermar*)

[ŋ] + [θ] (*encerrar*)

1 Nisto disentimos dos autores da *Gramática* da editorial Galaxia (1986), cando referíndose ós catro fonemas nasais que eles supoñen para o galego, manifestan: «En posición explosiva realízanse, respectivamente como [m],[n],[ɲ] ou [ŋ]; os dous primeiro poden darse en sílaba inicial, medial ou final, pero os dous últimos non poden aparecer nunca en sílaba inicial de palabra, é dicir, non existe ningunha palabra galega que comece por /ɲ/ ou /ŋ/...». Se partimos da descrición da lingua real non se pode dicir que non hai en galego palabras que comecen por ñ-. Podemos citar voces como *ñáñaras, ñaca-ñaca, ñuca, ñu, ña* ('miña'), *ñabiñego, ñafrar, ñopo, ñopeiro, ñaco, ñécolas, ñañarear, ñapa, ñáparo, ñato*, etc., etc., formas que aparecen ó longo de distintas zonas do territorio galego, e que polo tanto non podemos restrinxir a unha zona dialectal concreta. Así pois, o ñ- tamén pode aparecer en inicial de palabra. Situación distinta é a do fonema nasal velar que, efectivamente, nunca pode aparecer en situación inicial de palabra.

- [n̄] + t (*enterro*)  
           d (*cando*)  
           s (*consolo*)
- [n] + l (*enlear*)  
       r (*enrevesado*)
- [ɲ] + [j] (*enxergar*)  
       [tj] (*encher*)
- [ŋ] + [g] (*engano*)  
       [k] (*cunca*)

Todas estas realizaciónes do arquifonema nasal podémolas formalizar na seguinte regra:

$$[+ \text{ nasal}] \longrightarrow [\alpha \text{ punto}] / \text{---} [+ \text{ cons} \\ \alpha \text{ punto}]$$

$$[+ \text{ velar}] / \text{---} \$ \text{ vocal} \\ \parallel$$

(onde \$ indica límite de sílaba; e || pausa)

### 3. ¿EXISTE UN FONEMA /ŋ/?

#### 3.1. OS CASOS PROBLEMÁTICOS

Non hai problema para a interpretación das realizaciónes velares da consoante nasal cando vai seguida de consoante (*anca*) ou cando se atopa ante pausa (*león*). Nestes casos parece que nunca se pode dar a oposición entre os distintos fonemas nasais, polo que as diferentes realizaciónes se poden considerar como alófonos dun arquifonema nasal /N/. Pero hai outros casos en que a realización velar do *n* presenta problemas de interpretación fonolóxica:

- Cando o *n* velar vai en situación intervocálica interior de palabra (*unha* que se opón a *una*, *uña*, etc.).
- Cando o *n* velar vai en situación final de palabra, seguida doutro vocábulo que comece por vocal (*Vén a Carme* —onde *a* é preposición— que se opón a *Vén a Carme* —onde *a* é artigo—).
- Cando o *n* velar vai en situación final de palabra, seguido doutro vocábulo que comece por vocal (*en herba* / *enerva*).

Trátase de dilucidar se nestes casos en que o *n* velar se pode opoñer ó *n* alveolar, as consoantes se atopan na mesma distribución ou se pola contra o distintivo é o carácter posnuclear do primeiro (*unha*) fronte ó prenuclear do segundo (*una*).

#### 3.2. DÚAS POSTURAS ENCONTRADAS

Na historia da lingüística galega atopamos defensores de ámbalas posturas, aínda que a tendencia da maior parte dos que se preocuparon do problema, xa desde o século XVIII é a considerar que o *n* velar nestes casos ten sempre carácter implosivo, e atópase, xa que logo, situado no posnúcleo da sílaba. Esta é a postura de Sarmiento (1970)<sup>2</sup>, Saco Arce (1868)<sup>3</sup>, Lugrís Freire (1931)<sup>4</sup>, García de Diego (1909)<sup>5</sup>, Rodríguez Yordi (1959)<sup>6</sup>, Dámaso Alonso (1952)<sup>7</sup>, Carballo Calero (1979)<sup>8</sup>, Amable Veiga (1976)<sup>9</sup>, etc.

2 Iso, polo menos, parece querer indicar cando di: «No podemos decir *u-na*, como el castellano, ni *un-a*, por la aspereza de quedar con la boca abierta para la N, y volverla a abrir para la A. Así convertimos la N en M para cerrar la boca y abrirla para la A, por lo que se había de escribir *um-a*, y pronunciar no *u-ma* sino *um-a*. En los instrumentos se halla escrito, y bien, *hum-ha*, aspirando las dos vocales casi como *gum-ga*, pero no con G sino con H muy suave» (*Colección*, p. 165).

3 «La *h* de *unha* y sus compuestos *algunha*, *ningunha*, representa la pequeña aspiración o esfuerzo que es preciso hacer para impedir que la *n* forme sílaba con la *a* (...)» (Saco Arce 1868: 26)

4 No capítulo dedicado á ortografía, refírese ó grafema *h*, e di (1931: 12): «Este signo ten o carácter de notación fónica como na palabra *unha*, onde o *h* sirve para que o *n*, ortograficamente non se xunte á vocal *a* (...)».

5 García de Diego (1909: 106 nota) afirma: «la pronunciación exacta de esta palabra [refírese a *unha*] se obtiene juntando la *n* no con la vocal siguiente sino con la anterior y haciendo á esta fuertemente nasal».

6 En «Una carta a Rosalía», J. R. Yordi (1959: 63) fai uns comentarios sobre o *n* galego, a propósito dunha carta enviada a Rosalía polo pastor Paul Ritter desde Alemaña, na que pedía información a Rosalía sobre a pronunciación deste grafema no galego. Yordi, entre outras observacións sobre o *n* en galego, di: «(...) Por mi parte expondré una particularidad de la *n* en gallego, que la que se presenta cuando va seguida de *h*, lo que acontece en los vocablos "unha", "algunha", "ningunha". (...) En tales casos no se ha de pronunciar como *n* dental, lo que parecía obligado dada la condición de la *h*, consonante muda en gallego, ni a la portuguesa, que queda dicho que transformaría las dos letras en una *ñ*, sino que exige una *cesura*. Así, la palabra «algunha» no se dirá «algunna», a la española, ni «alguña», a la portuguesa, sino que se pronunciará «algun-a», marcando la nasalidad de la *n* de final de palabra castellana.

7 «Sin juzgar de las formas que no conozco por experiencia personal, en las oídas por mí en que había N, esta se articulaba con la vocal antecedente, en condiciones parecidas a las del indefinido *urra*». O artigo foi reeditado en *Obras completas*, 1, pp. 461-462.

8 «La *n* se da en gallego como velar intervocálica en palabras como *unha* y sus derivados (*algunha*, *nengunha*), o en los casos de *e* paragógica agregada a una palabra terminada en *n* (*corazonhe*). En estos casos, como en el dialectal *unhos* 'unos', la grafía *nh* equivale más o menos a la alemana e inglesa *ng* (*Finger*), que aparece también en gallego en derivados con el prefijo IN: *engadir* 'añadir'. La *n* mantiene su carácter velar de final de sílaba, nasaliza las vocales en contacto con ella y forma unidad espiratoria con la anterior. Fuera de estos casos, la *n* gallega es alveolar o velar en las mismas circunstancias que en el español oficial» (Carballo 1979: 136).

9 «Hemos visto ya que [ŋ] es realización de un archifonema /N/ en todas las posiciones que hemos considerado: final ante pausa, implosiva ante oclusiva velar. Nos falta por considerar, preci-

Se exceptuamos a Aurelio Ribalta, quen propoñía para a representación deste son, un grafema *ñ* cun til semellante ó do *ñ*, pero situado debaixo da letra, tódalas demais grafías utilizadas historicamente parecen incidir no carácter posnuclear do son: *un a*, *un-a*, *um-ha*, *um-a*, *un-ha* e mesmo *unha*<sup>10</sup>.

Pola contra, defenden o carácter prenuclear desta realización Aníbal Otero (1951: 87-88)<sup>11</sup>, Porto Dapena (1976: 467-477)<sup>12</sup> e os autores da *Gramática Galega* da editorial Galaxia (Álvarez, Monteagudo & Regueira 1986), aínda que haxa xa un precedente desta postura en Manuel Rodríguez Rodríguez<sup>13</sup>.

Os argumentos a favor do carácter prenuclear sintetízaos Porto Dapena nun artigo que leva por título «Fonología de la N velar gallega»:

a) A tendencia á sílaba aberta nas linguas iberorrománicas. É verdade que a silabación CV é universal, e pode ser verdade, aínda que discutible, que as linguas iberorrománicas teñan tendencia á sílaba aberta (non faltan fonetistas que defenden a postura contraria, en contra da tradición lingüística española). Pero, en todo caso, estas son xeneralidades que non explican nada, porque hai un feito obxectivo: no galego existen sílabas abertas e trabadas, e o que se trata é de dilucidar a cal destes dous grupos pertence a sílaba en que aparece o *n velar* intervocálico.

samente, la posición implosiva intervocálica. Pues bien, en esta posición, como en las anteriores, no es conmutable con ninguna otra oclusiva ni nasal ni oral; luego es realización del mismo archifonema /N/ de los casos anteriores. Ciertamente que *una* es distinto de *unha*, pero es porque en cada caso la nasal ocupa una posición diferente: explosiva en *una*, donde, por lo tanto, es realización del fonema oclusivo nasal alveolar /n/, e implosiva en el segundo, donde la nasal es realización del archifonema oclusivo /N/. Lo que es pertinente, pues, es la frontera silábica, la silabación si se prefiere, lo que algunos fonólogos llamarían un fonema de juntura» (Veiga 1976: 106).

10 Sarmiento propón as grafías *m-h* ou *m-* (tipo *um-ha* ou *um-a*) (Colección, p. 165). A grafía *mh* coa supresión do guión é a utilizada actualmente por algúns membros da AGAL. A representación *n-* (tipo *un-a*, *algun-a*) é a utilizada por Fernández Neira (ó lado de *algu-a*, *alguna* e *algun a*), Añón e Rosalía, entre outros. Pintos facía uso xeralmente da grafía *n-h* (*algun-ha*), aínda que no poema «Os birbirichos e os birbiricheiros» (quizais influído por Sarmiento) utiliza *m-h* (*algun-ha*). O principal representante do tipo *algun a*, cun *n* seguido de espazo, quizais sexa Mirás, aínda que de maneira máis ou menos ocasional, esta opción foi usada por outros escritores.

11 Parece que se refire ó carácter prenuclear do *n velar* cando di: «La mayoría de los escritores gallegos opinan que el artículo indefinido *unha* se escribe colocando una *h* entre la *n* y la *a*, para indicar que la primera debe formar sílaba con la *u*, y que la segunda forma otra sílaba por sí sola; esto no es exacto, porque no hay regla ortológica, que ordene que una consonante, que se halla entre dos vocales, constituya sílaba con la segunda, pues se opone á las leyes de la fonación» («Declinación gallega», *Galicia. Revista Regional*, n. 8, febreiro 1893, p. 463).

12 «Fonología de la N velar gallega», *RDTP*, 32, 1976, pp. 467-477.

13 Parece que se refire ó carácter prenuclear do *n velar* cando di: «La mayoría de los escritores gallegos opinan que el artículo indefinido *unha* se escribe colocando una *h* entre la *n* y la *a*, para indicar que la primera debe formar sílaba con la *u*, y que la segunda forma otra sílaba por sí sola; esto no es exacto, porque no hay regla ortológica, que ordene que una consonante, que se halla entre dos vocales, constituya sílaba con la segunda, pues se opone á las leyes de la fonación» («Declinación gallega», *Galicia. Revista Regional*, n.º 8, febreiro 1893, p. 463).

b) A non existencia de linde silábico entre unha consoante e unha vocal se se dá transición nos formantes desta última. Segundo Porto Dapena (1976: 473) no espectrograma da secuencia *unha* hai transición nos formantes de *a*, pero non no paso de *u* a *N*. Isto non se corresponde exactamente coa realidade dos feitos. Se por exemplo examinamos unha secuencia como *paga*, con división silábica *pa-ga*, tanto o primeiro *a* coma o segundo na zona de contacto con *g* presentan transicións (véxase espectrograma).




FIG. 1.—Espectrograma de *paga*

Quizais o autor non interpretou ben a Malmberg, de quen parece toma-la idea. O que fixo Malmberg é un experimento, utilizando espectros artificiais, con secuencias do tipo *aga* (con pronunciación oclusiva do *g*), *odo*, *ipi*, etc., suprimíndolle as transicións da segunda vocal e modificando o tempo da oclusión. O resultado ó que chegou é que cando se suprimen as transicións da segunda vocal, canto maior é a duración da oclusión (silencio), maior é a tendencia a interpreta-la consoante como implosiva (véxase gráfico tomado do propio Malmberg).





FIG. 2.—Spectres artificiels (Malmberg)



Isto é evidente, porque ó borra-las transicións prodúcese unha brusquidade e unha disociación dos sons en contacto, que pode ser interpretada como unha división silábica, sobre todo cando a pausa é grande. Téñase en conta que o carácter velar, palatal, dental, etc. dunha consoante vén dado precisamente polas transicións (ou, máis precisamente, polo locus das transicións). Nunha secuencia como *aga, se* se manteñen as transicións da primeira vocal, a consoante seguirase interpretando como velar, e despois dela habería un silencio, que sería interpretado como marxe silábica; por último, aparecería unha vocal sen vinculación directa coa consoante, que pode ser interpretada como pertencente a outra sílaba. Pero isto non é o que ocorre na lingua natural, onde se dan transicións na coarticulación das vocais e consoantes. O que puido levar á confusión a Porto Dapena é o feito de que as transicións dunha vocal velar (como *u*) en contacto con consoante son distintas das da vocal *a* en contacto con esa mesma consoante. O tipo de tran-

sición na secuencia vocal consoante (ou consoante vocal) está en función da coarticulación da vocal e da consoante.

c) Absoluta identidade da parte correspondente ó segmento *ŋa* de *unha* e da realización de *ŋa* sen contexto. Respecto disto compre advertir que cando se trata de establece-la comparación entre dous segmentos coa fin de tirar conclusións sobre o funcionamento do sistema dunha lingua, é necesario facelo con secuencias naturais, e non hai no galego ningunha secuencia natural [ŋa] con *n* velar inicial de palabra. Cando utilizamos esta vía, fóra do xogo puramente experimental, o que se está facendo é lingüística ficción.

d) Fisiognomía diferente do segmento *uŋ* da palabra *unha* e do mesmo segmento na secuencia *un á* con pausa despois da nasal. Segundo Porto Dapena, na pronunciación con pausa hai transición de formantes de *u* a *n* e, ademais, a vocal *u* ofrece resonancias sen dúbida nasais; fenómenos que non se observan na pronunciación sen pausa.




FIG. 3.—Espectrograma de *un á (grande)*




FIG. 4.—Espectrograma de unha (grande)

Se comparámo-los espectrogramas das secuencias *un á grande* e *unha grande*, vemos que as transicións dos formantes son exactamente iguais nos dous casos. As diferencias que se observan son simplemente as derivadas do carácter acentuado do *a* da primeira (*un á grande*) fronte ó átono do da segunda (*unha grande*).

O que pasa é que nos espectrogramas que ofrece Porto Dapena *un á* parece que está gravado cunha intensidade moito maior ca *unha*. Iso é o que explica todo. Por exemplo, Porto Dapena fala da presenza de resonancias nasais en *un* que non aparecen en *unha*. Non di a que resonancias nasais se refire: se é a que aparece a baixas frecuencias, esta maniféstase nos dous casos; se son a frecuencias altas, no espectrograma de *unha* non se observa ningunha, porque non se ve absolutamente nada de 1.000 ciclos para arriba, pero non se ve nin no *u* nin no *n velar*. Trátase, pois, de que non é un espectrograma de boa calidade.

e) Se só a presenza ou ausencia de límite silábico tivese valor fonolóxico, un oínte galego identificaría como realización do indefinido ou numeral o segmento fónico *un-a* pronunciado con *n alveolar* e pausa antes do *a*, en tanto que *u-*

*na* con *n velar* precedido de pausa sería interpretado como forma do verbo *unir*. O resultado, sen embargo, é xustamente o contrario, pois ese falante non dubidaría en afirmar que se trata de *una* no primeiro caso e de *unha* no segundo.

Tampouco podemos estar de acordo con esta afirmación, porque nós fixemos esta proba e o único que tiramos en claro é a conciencia de tódalas persoas ás que se somete o test de que eran secuencias non normais. Pero, sobre todo, no primeiro caso, de *un-a*, con *n alveolar* e pausa, emitido illadamente, se se obriga ó falante a pronunciarse por unha das dúas opcións, case na súa totalidade se inclinan polo contrario do que supón Porto Dapena. Pero isto non é ningún argumento sólido: nos dous casos o decisivo para a interpretación nun sentido ou noutro sería o contexto, porque na decodificación hai sempre un proceso de optimización, que trata de adapta-la realidade percibida á unidade máis próxima presente na gramática do receptor, que sexa posible nese contexto. Por iso, insistimos en que este argumento non é válido. Se alguén di *había un intérprete que traducía do alemán ó español*, todos entendemos *intérprete* porque é o posible e o esperado na gramática do receptor, e obviamente o feito de que haxa algunha realización *intérprete* non nos autoriza a concluír, por exemplo, que a orde dos fonemas non é pertinente.

f) Outro argumento que esgrime o autor a prol da súa hipótese, é que a perspectiva diacrónica corrobora o seu punto de vista. A oposición  $\eta/n$  non é máis ca unha sucesora da latina *-nn-* / *-n-*, polo que se xustifica plenamente o valor fonemático de *n velar* intervocálico. Parece un argumento realmente pouco consistente, porque o mesmo podería dicir que a oposición latina se mantén perdendo o *-n-* intervocálico, ou palatalizando o *-n-* ou nasalizando a vocal en contacto, etc. Ademais dáse a casualidade de que ningún dos pares de palabras con pretendida oposición *n velar* fronte a *n alveolar*, son continuadores dunha oposición latina *-n-* / *-nn-* (*unha* procede do latín *una*, e *una* procede do verbo *unire*; en ámbolos casos estamos ante un *-n-* simple latino). Pero aínda que non fose así, o argumento carece de valor.

g) Conclúe Porto Dapena cunha explicación sobre a distribución do fonema / $\eta$ /, que pode aparecer en tódalas posicións da palabra, excepto en inicial, o que non quere dicir que se neutralice con /*n*/, senón que posúe unha distribución defectiva. A circunstancia de que en galego non existan palabras que empecen por *n velar* fai que este actúe como sinal demarcativo negativo da palabra, no sentido de que no lugar da cadea falada onde apareza esa nasal non pode haber un límite de vocábulos.

Isto comentáremolo máis abaixo ó falar dos criterios para establece-la división silábica.

## 3.3. A NOSA VISIÓN DO PROBLEMA

3.3.1. *Non hai ningunha razón fonética para non considera-lo [ŋ] como implosivo*

3.3.1.1. A imaxe acústica presenta as mesmas características en *un* ca en *unha* coa eliminación do *-a* final.

3.3.1.2. A interpretación auditiva é exactamente a mesma, como se pode demostrar con experimentos moi sinxelos, coma os seguintes:

- a) Facemos unha gravación coas secuencias *un cativo* e *unha vida*. Se substituímo-lo *un* de *un cativo* polo segmento *un* cortado de *unha*, o resultado é dunha naturalidade total e non hai posibilidade de distingui-la gravación orixinal da manipulada.
- b) Coas mesmas gravacións anteriores. Collemos *un* (de *un cativo*) pegámoslle a continuación o *a* (de *unha*), seguido de *vida* e o resultado é idéntico ó orixinal de *unha vida*.

3.3.1.3. Un dos trazos que parece que caracteriza a marxe silábica é unha baixa intensidade relativa. Se organizamos de maneira reversa (ou a tergo) o sinal acústico de *unha* (é dicir se o sinal de *unha* o ordenamos do final cara ó principio: *a-nh-u*), e o reproducimos, percíbese unha clara glide entre o *a* e o *n*, producida sen dúbida pola diminución da intensidade da nasal (é un proceso semellante ó que levou á aparición dos ditongos nasais do portugués).


3.3.2. *A estrutura silábica e a íntima conexión entre o núcleo e o posnúcleo*

Todos sabemos que cando falamos utilizamos secuencias concatenadas de sons, e que estes sons inflúen uns sobre os outros producindo certo tipo de alteracións ou modificacións, sobre todo cando van en contacto. Pois ben, esta interdependencia maniféstase, por suposto, no interior da sílaba, onde se aprecia con claridade unha coarticulación dos elementos que a integran.

Tradicionalmente véñense distinguindo na sílaba tres partes: 1) o *ataque* ou *comezo*; 2) o *núcleo* ou *cima* e, 3) a *coda*, que podemos identificar respectivamente co prenúcleo, núcleo e posnúcleo. Pero, xa no ano 1947, Kenneth L. Pike e Eunice Pike<sup>14</sup> propoñían unha análise da sílaba lixeiramente modificada, que trata de

<sup>14</sup> «Immediate constituents of Mazateco syllables», *International Journal of American Linguistics*, 13 (1947), 78-91.

poñer de manifesto a solidariedade máis estreita existente entre a cima e a coda que entre o comezo (ou ataque) e a cima. Pike e Pike estruturan a sílaba da seguinte maneira:



Ó facelo así, captámo-la distinción entre sílabas *abertas* e *cerradas* e entre sílabas *lixeiras* e *pesadas*, segundo o peso silábico (segundo a distinción establecida por Newman (1972)<sup>15</sup> e por Allen (1973)<sup>16</sup>. En certas linguas, unha sílaba pode ser máis ou menos acentuable segundo a súa estrutura fonolóxica. Unha sílaba é *lixeira* cando ten un centro constituído só por unha vocal breve; é *pesada* cando o seu centro é unha vocal longa (V:) ou unha secuencia de VV ou VC. En certas linguas as sílabas lixeiras non poden recibirlo acento. O latín, por exemplo, é un caso de lingua en que o peso silábico é importante: recordemos que nesta lingua o acento recaía na penúltima sílaba, a non ser que esta fose lixeira; neste caso o acento pasaba á antepenúltima. Ó integra-la cima e a coda dentro do centro silábico o que se quere poñer de manifesto é que unha sílaba CV se caracteriza por un centro cunha coda cero, mentres que unha sílaba CVC constará dun centro cunha cima V e unha coda C, e que a consoante inicial é irrelevante á hora de determina-las propiedades fonolóxicas dunha sílaba.

Nesta liña, Joaquim Brandão de Carvalho nun artigo publicado en *Verba* no 1988<sup>17</sup> retoma o problema tan debatido do estatuto fonolóxico das vocais nasais do portugués, e di que as diversas interpretacións fonolóxicas das vocais nasais do

<sup>15</sup> Paul Newman, «Syllable weight as a phonological variable», *Studies in African Linguistics*, 3 (1972), 301-323.

<sup>16</sup> W. Sidney Allen, *Accent and Rhythm. Prosodic Features of Latin and Greek: A Study in Theory and Reconstruction*, Cambridge Studies in Linguistics 12. Cambridge University Press, 1973.

<sup>17</sup> Joaquim Brandão de Carvalho, «Nasalité et structure et structure syllabique en portugais et en galicien: approche non linéaire et panchronique d'un problème phonologique», *Verba*, 15 (1988), 237-263.

portugués constituíron sempre hipóteses sobre a estrutura da sílaba (recordémola disputa entre os defensores dunha invariante vocálica /V/ e os que postulan unha invariante consonántica /-N/).

Brandão de Carvalho considera que a realización segmental da nasalidade provén da súa función silábica, é dicir, do seu lugar no seo da arquitectura interna da sílaba, e defende, examinando os casos do castelán, do galego e do portugués, que son manifestacións de distintos graos de integración entre a coda e o núcleo. O castelán, cunha articulación apical da consoante (próxima dun *n*- explosivo), acompañada dunha pequena nasalización da vocal, suporía un grao débil de coarticulación; o galego, cunha realización menos forte da consoante nasal, frecuentemente velarizada, acompañada dunha maior nasalización da vocal, suporía un grao medio de coarticulación; e o portugués, coa vocalización da consoante (de onde os ditongos nasais), ou co desprazamento completo da nasalidade á vocal, e coa perda do segmento consonántico, suporía un grao forte de coarticulación (chegaría á nuclearización da nasalidade). Para Brandão de Carvalho, a realización velar da consoante nasal é o paso intermedio cara á nuclearización da nasalidade.

E isto parece un fenómeno bastante xeral. En termos parecidos maniféstase Humberto López Morales, cando referíndose ó proceso de velarización e perda do *n* en Puerto Rico, di (1980: 204):

En el español estándar, las realizaciones de norma son las asimiladas, en los casos de nasal interior de palabra y de nasal final preconsonántica, y las alveolares, en posición final prevocálica o prepausal. Sin embargo, estas variables canónicas suelen quedar sustituidas en algunos dialectos debido al proceso de debilitamiento nasal patrocinado por la posición implosiva. Ya las asimilaciones son una muestra de tal relajamiento, pero representan sólo una primera etapa del proceso y tienen carácter general en la lengua. Un paso intermedio es la velarización de la nasal, siendo la elisión total la culminación del debilitamiento<sup>18</sup>.

### 3.3.3. Criterios para a segmentación silábica

A idea básica nos diversos enfoques fonolóxicos en relación coa sílaba é que existe unha íntima relación entre a estrutura da palabra e a da sílaba; ideal-

<sup>18</sup> Humberto López Morales, «Velarización de /N/ en el español de Puerto Rico», *LEA*, 11, 1980, p. 204.

mente, pois, deberían ser operativas ó principio de sílaba as mesmas restriccións secuenciais que operan ó comezo da palabra, aínda cando tal sílaba só ocorre en interior de palabra; de modo análogo, as mesmas restriccións secuenciais que se observan ó final dunha palabra deberían presentarse ó final dunha sílaba.

Pulgram (1970)<sup>19</sup> e Hooper (1972)<sup>20</sup> intentaron formular uns principios universais co fin de determina-la estrutura silábica. Recoñecendo un paralelismo entre as estruturas da palabra e as da sílaba. Segundo Pulgram, nunha palabra detrás de cada vocal ou ditongo habería unha división silábica (unha palabra como *adriño*, segundo este principio, presentaría unha división silábica *pa-dri-ño*). Pero establece unha serie de restriccións, entre elas unha que di que se non se pode manter unha sílaba aberta porque a consoante ou consoantes que deberían forma-lo ataque da sílaba seguinte non poden aparecer en posición inicial de palabra, débense separar entón do ataque e trasladar como coda á sílaba precedente tantas consoantes como sexan necesarias para que o ataque presente unha estrutura permisible a comezo de palabra. No caso de *unha* a silabación segundo o principio de silabicidade aberta máxima sería *u-nha*, pero teríamos a comezo de sílaba unha consoante que non pode aparecer a principio de palabra, polo que, seguindo a Pulgram, a silabación habería que facela *unh-a*.

### 3.3.4. Evidencia histórica

En galego hai unha serie de palabras nas que a partir dun *n* *velar* intervocálico se desenvolveu unha consoante oclusiva velar sonora: a partir de *funheiro* formouse *fungueiro*, a partir de *enhorde* formouse *engorde*, de *enhadir* formouse *engadir*, de *enhalar* formouse *engalar*, de *enhallada* formouse *engallada* ou *angallada*, etc. Esta aparición dunha oclusiva oral non é máis que a consecuencia dunha desnasalización da parte final da consoante nasal: o que diferencia un *g* dun *n* *velar* non é máis que a presenza dun resonador nasal na segunda. Cando por calquera razón o sopro nasal non posúe a suficiente forza como para estar presente durante toda a emisión do son, na parte final percibirase a consoante oral oclusiva, sonora correspondente; é dicir, dun *ŋ* pasaríamos a un grupo *ŋg*. Este é un fenómeno que se pode producir con calquera consoante nasal, e que historicamente tivo lugar en distintas linguas románicas: dun *m* implosivo pódese desenvolver un *mb* (recordemos, por exemplo, lat. *MEMORARE* > *memrar* > gal. *membrar* > *nembrar* > *lembrar*); dun *n* *dental* implosivo pode xurdir un grupo *nd* (lat. *IN* + *GENERA-*

<sup>19</sup> Ernst Pulgram, *Syllable, Word, Nexus, Cursus*. La Haya: Mouton, 1970.

<sup>20</sup> Joan B. Hooper, «The syllable in phonological theory», *Language*, 48 (1972), 525-540.

RE > cast. *engennar* > *engendrar*, ou lat. VENERIS DIE > fr. *venredi* > *vendredi*), etc. Pero a condición indispensable é que a consoante nasal ten que estar en posición implosiva.

Ademais, hai que ter en conta que no galego de hoxe aínda temos variantes alotrópicas, unha das cales presenta aínda o estadio con *n velar* e a outra mostra o desenvolvemento da consoante oral *g*, do tipo *enhorde* e *engorde*, *enhalar* e *engalar*. E temos que preguntarnos: se para o desenvolvemento do *g* é necesario que o *n velar* estea en posición implosiva, ¿podemos considerar que o *ŋ velar* de *enhorde* ou *enhalar*, que representan o estadio inmediatamente anterior da evolución cara a *engorde* e *engalar*, está en posición prenuclear? Evidentemente, parece que isto non é admisible.

### 3.4. ¿POR QUÉ UN [ŋ] INTERVOCÁLICO?

Os resultados máis esperables da evolución do lat. UNA en galego serían *úa*, solución que si existe no galego oriental (de xeito semellante a como de lat. LUNA se xerou o gal. *lúa*), ou ben *\*unga*, coa solución do tipo lat. FUNARIU > gal. *fungueiro*. Evidentemente o resultado *\*unga* resultaría un feminino totalmente irregular; por iso a solución que se adoptou foi a do mantemento da etapa [‘uŋa], ou se se prefire a da formación dun novo feminino sobre o masculino *un*, o mesmo que nalgúns zonas se debeu formar un plural, non continuador do latino UNOS (que deu en galego *uns*, *us* ou *unhos*), senón outro a partir do singular *un*, analóxico das formas que rematan en consoante que non sexa *n* nin *l*, do tipo *unhes* (conservado hoxe en certos dialectos), que está na base tamén dos resultados *uis*.

## 4. CONCLUSIÓN

Independentemente do valor fonolóxico que se lle dea á realización [ŋ] en posición intervocálica, coidamos que non hai razóns de peso, fóra da maior universalidade do modelo silábico CV, para considerar que esta consoante nasal non vai foneticamente situada na coda da sílaba. O feito de que, acusticamente, non se observe ningunha variación con respecto ós segmentos que presentan o [ŋ] seguido de consoante ou ante pausa, onde non é posible interpretalo máis ca como implosivo; a maior integración silábica coa vocal anterior que presenta a nasal velar; a imposibilidade de aparición en posición inicial de palabra; o desenvolvemento histórico dun *g* na parte final do segmento da consoante nasal velar, son todas evidencias que apuntan cara á interpretación como pertencente ó posnúcleo da sílaba.

## REFERENCIAS

- Allen, W. Sidney (1973): *Accent and Rhythm. Prosodic Features of Latin and Greek: A Study in Theory and Reconstruction*, Cambridge University Press, Cambridge.
- Alonso, Dámaso (1952): «Gallego-asturiano *engalar* ‘volar’. Casos y resultados de velarización de -N- en el dominio gallego», in *Homenaje a F. Krüger*, II, 209-215, Mendoza.
- Álvarez, Rosario; Monteagudo, Henrique & Regueira, Xosé Luís (1986): *Gramática Galega*, Galaxia, Vigo.
- Brandão de Carballo, Joaquim (1988): «Nasalité et structure syllabique en portugais et en galicien: approche non linéaire et panchronique d’un problème phonologique», *Verba*, 15, 237-263.
- Carballo Calero, Ricardo (1979): *Gramática elemental del gallego común*, Galaxia, Vigo.
- García de Diego, Vicente (1909): *Elementos de Gramática Histórica Gallega (Fonética-Morfología)*, Hijos de Santiago Rodríguez, Burgos.
- Hooper, Joan B. (1972): «The syllable in phonological theory», *Language*, 48, 525-540.
- López Morales, Humberto (1980): «Velarización de /N/ en el español de Puerto Rico», *Lingüística Española Actual*, 11.
- Lugrís Freire, Manuel (1931): *Gramática do Idioma Galego*, Moret, A Coruña.
- Newman, Paul (1972): «Syllable weight as a phonological variable», *Studies in African Linguistics*, 3, 301-323.
- Otero, Aníbal (1951): «Hipoteses etimológicas referentes al gallego-portugués», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VI (18), 83-114.
- Pike, Kenneth L. & Pike, Eunice (1947): «Immediate constituents of Mazateco syllables», *International Journal of American Linguistics*, 13, 78-91.
- Porto Dapena, José-Álvaro (1976): «Fonología de la N velar gallega», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 32, 467-477.
- Pulgram, Ernst (1970): *Syllable, Word, Nexus, Cursus*, Mouton, The Hague.
- Rodríguez Rodríguez, Manuel (1893): «Declinación gallega», *Galicia. Revista Regional*, 8.

Rodríguez Yordi, J. (1959): «Una carta a Rosalía», *Boletín de la Real Academia Gallega*, 29-30, 57-88.

Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática Gallega*, Soto Freire, Lugo.

Sarmiento, Fr. Martín (1970): *Colección de Voces y Frases Gallegas*, Universidad de Salamanca [Edición de J. L. Pensado].

Veiga, Amable (1976): *Fonología gallega. Fonemática*, Bello, Valencia.